



GALLAECIARAID

BOLETÍN FINAL

▣ **MTBO ARTEIXO** ▣

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA
DISTANCIA LONGA

CONCELLOS ARTEIXO E A LARACHA
sábado 5 de setembro de 2026



GALLAECIA RAID

Presentación

Coa denominación **MTBO ARTEIXO** presentamos, o sábado 5 de setembro, a 3ª proba da XIV Liga Galega de Orientación en Bicicleta que tamén é Campionato Xunta de Galicia de distancia longa.

Queremos aproveitar este boletín para darvos a benvida. Esperamos que o disfrutedes e que sirva tamén como adestro de cara ao Campionato de España do mes que vén, ¡moita sorte!

A normativa pódese consultar na páxina web da Federación:

Normas anuais MTBO: [ligazón normas 2026](#)

Regulamento MTBO: [ligazón regulamento 2026](#)

Toda a información do evento a podeis seguir na nosa páxina web:

[ligazón ao evento na nosa web](#)

Organización

Gallaecia Raid

Directora de Carrera: Claudia Oreiro Chapela

Director Técnico: Manuel Pedre Vázquez

Xuíz controlador: Alfonso Mancera

Xuíces cronometradores: Manuel Pedre y Claudia Oreiro

Responsable de seguridade: Fernando Silvarrey Redondo

Contacto: secretaria@gallaeciaraid.org

Horarios

09:00 Apertura de secretaria

10:00 Inicio de saídas

(o tempo máximo de carreira e de 2 horas e 30 minutos)

14:00 Chegada do último participante da carreira e recollida de balizas

14:30 Entrega de trofeos do campionato Xunta Galicia distancia longa



GALLAECIA RAID

▣ Punto de encontro e localización

Centro de competición: campo de fútbol San Roque de Larín (Arteixo) [como chegar](#)



▣ Categorías - distancias e desniveis -

- **Categorías non oficiáis:**
Promoción: sen límite de idade.
Iniciación equipos: un máximo de 5 deportistas de calquera idade e xénero
- **Categorías oficiáis:**
M/F 15 > cumpren 15 anos ou menos en 2026 (nadas en 2011 ou posteriores).
M/F 17 > cumpren 17 anos ou menos en 2026 (nadas en 2009 ou posteriores).
M/F 20 > cumpren 20 anos ou menos en 2026 (nadas en 2006 ou posteriores).
E / F-E > categorías absolutas, sen límite de idade.
M/F 21 > sen límite de idade.



GALLAECIA RAID

M/F 40 > cumpren 40 anos ou máis en 2026 nadas en 1986 ou anteriores.

M/F 50 > cumpren 50 anos ou máis en 2026 nadas en 1976 ou anteriores.

M/F 60 > cumpren 60 anos ou máis en 2026 nadas en 1966 ou anteriores.

E-bike > de calquera idade e xénero

Absoluta parellas > 2 deportistas de calquera idade e xénero.

Categorías	Percorrido	Distancia	Desnivel	Controles
E	R1	26,020	500	21
F-E; M-20; M-21; M-40; E-BIKE	R2	25,200	470	21
F-20; F-21; ABS PAR	R3	24,000	350	21
F-40; M-50	R4	23,000	430	19
F-50; M-17; M-60	R5	22,500	320	19
F-17; F-60; M-15	R6	22,000	318	19
F-15; PROMOCIÓN	R7	20,500	310	19

O mellor tempo estimado dos primeiros Elite é de 1:45h

■ Inscripcións

Na web da federación www.fegado.es

Peche inscrición as 23:50 horas do domingo 30 de agosto 2026.

- **Categorías oficiais:**

- Categorías M/F-17 e inferiores: 2,00 €.
- Categorías M/F-20: 7,00 €.
- Resto de categorías: 10,00 €

- **Categorías non oficiais:** Tódalas categorías: 2,00 €

- **Outros prezos:**

- Licenza dun día: 2.50 €.
- Alugueiro sportident: 3,00 €.
- Reposición dorsal (provisional para o evento): 3,00 €.
- Categorías M/F-20 e superiores: 10,00 €.
- Cambio sportident despois do peche de inscricións: 2,00 €
- Cambio sportident o día da carreira: 5,00 €
- Perda do sportident: 30,00 € (a cargo do competidor)
- Inscricións fora de prazo: Recargo do 100% da cota



GALLAECIA RAID

Os clubs serán os responsables do pagamento das inscricións das súas persoas asociadas. Realizarán un único ingreso bancario co importe total con os seguintes datos:

Conta: ES63 2080 0036 6030 4002 0466 - /Abanca

Titular: Gallaecia Raid G15976558

Concepto: MTBO Arteixo + o nome do club

Facturas: As solicitudes faranse no formulario: [ligazon pedir factura](#)

Inscricións de persoas NON federadas:

Para realizar a solicitude de inscrición de persoas non federadas e obrigatorio facelo por medio deste cuestionario: [ligazon inscripcion persoas non federadas](#)

As inscricións non se considerarán formalizadas ata a realización do ingreso bancario, o cal se acreditará enviando unha copia do xustificante da transferencia á dirección de correo electrónico: secretaria@gallaeciaraid.org

Cronometraxe

Empregarase o sistema electrónico Sportident con estacións SOLO AIR (BS11-BS, con picada a <180 cm), para as que será necesaria una pinza SIAC AIR.

Cronometraxe SportIdent AIR+: estacións SOLO AIR e pinzas SIAC. Non é posible facer picada manual (sen AIR), só se admitirá a picada no mapa mediante pinza tradicional no caso de fallo da estación SportIdent.

É responsabilidade de quen participa comprobar o estado da batería da SIAC. No caso de dúbidas co estado da batería, contactar coa organización para substituír a SIAC.

Promoción e iniciación equipos teñen que picar a estación Start

Nas categorías de equipos a totalidade de integrantes teñen que levar pinza. O tempo máximo entre as picadas de todo o equipo é de 1' minuto.

A baliza 42 será un Radio Control, algúns percorridos pásase por ela 2 veces.

Os resultados provisionais CON radio control vese na seguinte ligazón:

[ligazón resultados con radio control](#)

Os resultados provisionais SEN radio control vese na seguinte ligazón:

[ligazón resultados sen radio control](#)



GALLAECIA RAID

Mapa e Trazados

Rexistro: Novo Mapa (C-3912-25)
Escala: 1:15000
Equidistancia: 10 m
Tamaño: DIN A3
Cartografía: Manuel Pedre Vázquez
Trazados: Manuel Pedre Vázquez

Consideracións Cartógrafo e Trazador

Hai bastantes camiños laranxas onde a herba creceu algo, pero polo xeral pásase ben



- Primeira parte para todos os percorridos**

Transcorre principalmente por zonas de pista, polo que a velocidade é elevada, prestate atención nas interseccións, pero sobre todo coas estradas. Esta parte é moi física como corresponde a un evento de longa, prestate atención ás eleccións de ruta coa suficiente antelación.




GALLAECIA RAID



Transítase por anacos curtos de estradas sen apenas tráfico, pero precisamente por iso cando aparece algún coche poida que sexa a velocidade superior á permitida, especial atención nas curvas, no mapa avísase destas zonas co símbolo 719.000

Baliza 36:



Debido á vexetación, estará sinalizado cunha cinta a entrada dos camiños dunha das eleccións de roteiro ás balizas 36 e 37 de Sur a Norte dalgúns percorridos.

Baliza 37 zona naranja:




- **Segunda parte para os percorridos 1,2,4**

Combina pistas con numerosos cruces onde a elección de ruta é fundamental, tamén carreiros e numerosos camiños laranxas. Aconsellable perna cuberta, aínda que limpamos bastante. É a zona onde se acumula case todo o desnivel, non é demasiado, pero se se vén moi esixido da primeira parte pode pasar factura.



GALLAECIA RAID



Hai unha zona de BONITO CARREIRO sinalizada co símbolo 841.000 onde só esta permitido circular nun sentido, ao cabo deste carreiro xusto despois da baliza hai un REPECHO, así que é aconsellable gardar algo de forzas para o mesmo.

No final desta zona pásase por unha zona de carreiro estreito con múltiples cruces onde a orientación é fundamental, no mapa estan pintados co símbolo 508.001 Camino estreito rastro lineal de cor laranxa e camiño superposto,



pintamos co símbolo 822.00 de camiño baixa ciclabilidad os principais que corresponde polos que se debería de circular aínda que os anteriores tamén están pintados.



Se nalgún momento tedes dúbidas de en que cruzamento estades, mirade o rumbo e non teredes ningún problema.



GALLAECIA RAID

- **Terceira parte para todos os percorridos**

De regreso, á zona de saída/meta, é bastante rápida de novo pero fundamental a elección de roteiro. Nalgúns percorridos veredes unha succulenta estrada prohibida. Haberá xente da organización controlándoa

☐ Normas

- Prohíbese o acceso á zona segundo regulamento
- corredor debe respectar a sinalización da carreira e as balizas-control.
- Todo competidor debe prestarlle axuda a un corredor se o ve lesionado.
- A perda do chip ou o non paso por todos os controis será motivo de descualificación.
- Obrigatorio ir á área de descarga SportIdent en Secretaría, en caso de abandono
- Mostrar respecto cara aos outros participantes e organizadores
- Os corredores participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes ás carreiras de orientación en bicicleta de montaña.

☐ Seguridade e Recomendacións

- En moitas pistas alcánzanse altas velocidades, atención a posibles obstáculos
- Atención aos cruzamentos, para evitar posibles choques con outros corredores.
- Miradas rápidas ao portamapas para evitar posibles colisións
- A pesar de que as estradas teñen moi pouco tráfico, extremen a precaución.
- Recomendable perna cuberta (polainas ou calcetín longo)

☐ Medio Ambiente

- O avituallamiento líquido estará en garrafas de auga, os participantes teñen que achegar o seu propio vaso reutilizable.
- O avituallamiento sólido sen empaquetado e colocada en recipientes reutilizables.
- Rogamos compartir coche, co obxectivo de reducir a emisión de CO2.
- Os resultados e a clasificación comunicaranse de forma online en [O-Replay](#)
- Colocaranse diferentes contedores para a selección de residuos.



GALLAECIA RAID

Colaboración



GALLAECIA RAID

NO MÁS
VIOLENCIA
DE GÉNERO



Arteixo



CONCELLO
DA LARACHA



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO